Servizo de Persoal Docente e Investigador
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Reitoria
Rúa Maestranza, 9
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 1 de outubro de 2019 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Construccións Arquitectónicas a Esteban Fernández Cobián.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 10 de xuño de 2019 (BOE do 20 de xuño de 2019), para a provisión da praza número 19/040 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Construccións Arquitectónicas, departamento de Construccións e Estruturas Arquitectónicas, Civís e Aeronáuticas desta universidade, a favor de Esteban Fernández Cobián, con DNI núm. ***0650** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Esteban Fernández Cobián, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Construccións Arquitectónicas, departamento de Construccións e Estruturas Arquitectónicas, Civís e Aeronáuticas desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día siguiente á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 1 de outubro de 2019

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: FMSMEC5DRK1V8PFNO5M8SAGR
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/10/2019 13:12:58 Página 1 de un total de 1 página(s).



| Código Seguro De Verificación | ekVJnnwsuvs0fIUjb5Qhww== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 01/10/2019 10:45:08 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/ekVJnnwsuvs0fIUjb5Qhww== | | |